

II Certame de Literatura Infantil e Xuvenil "Muíño do Vento"

BASES

A Asociación Sociocultural Muíño do Vento (Ferrol) convoca o II Certame de Literatura Infantil e Xuvenil "Muíño do Vento", que se rexerá polas seguintes bases:

1. Cada unha das modalidades que compoñen o certame é obxecto de convocatoria en edicións alternas. Os textos da presente convocatoria irán destinados ao público xuvenil, de 12 anos en diante, e nela poderán participar todas as persoas maiores de idade que presenten os seus orixinais, inéditos e non dados a coñecer por ningún medio, en lingua galega, conforme á normativa oficial establecida pola RAG. Os textos poderán ser de calquera xénero literario (poesía, teatro ou narrativa).

2. De cada orixinal enviaranse seis copias en papel, debidamente encadernadas, mecanografadas a espazo e medio, en letra "Times New Roman" ou "Arial" de corpo 12, e dunha extensión comprendida entre as 60 e 180 páxinas. Cada persoa autora poderá concorrer con cantos orixinais desexe.

3. Os orixinais enviaranse ao apartado de correos 373 de Ferrol, facendo constar no sobre "II Certame de Literatura Infantil e Xuvenil Muíño do Vento".

4. O prazo de presentación de orixinais remata o 15 de xaneiro de 2020, incluíndose no concurso os recibidos con posterioridade sempre que figure neles o correspondente cuño que xustifique o envío nese ou en anteriores días. A entidade organizadora non responderá polo extravío ou perda dalgún orixinal.

5. Con cada orixinal, que deberá ser presentado baixo lema e sen ningún outro dato identificador, xuntarase en sobre pechado o nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico da persoa autora, así como o lema e título da obra.

6. Non se poderá presentar ao premio ningunha persoa relacionada directamente coa ASC Muíño do Vento.

7. Establécese un único premio dotado con mil cincocentos (1.500) euros, suxeito ás retencións legais aplicables.

8. O xurado estará formado por cinco membros, nomeados pola ASC Muíño do Vento, e unha persoa da propia asociación, que actuará como secretaria con voz e sen voto.

9. O xurado fará pública a súa resolución na segunda quincena do mes de abril de 2020, e a súa decisión será inapelable. Se así o estimase, poderá declarar deserto o premio.

10. A concesión do premio leva incluída a publicación da obra por parte da editorial Bululú. A editora asinará coa persoa autora o correspondente contrato de edición nos termos que ambas as dúas partes acorden.

11. As obras non premiadas conservaranse durante un mes, contado a partir da data de publicación da resolución do xurado, e poderán ser retiradas persoalmente polas persoas autoras, ou en quen deleguen, previa identificación e indicación do lema baixo o cal a obra foi presentada. Pasado ese tempo, as obras non retiradas serán destruídas.

12. Se no período de tempo transcorrido entre a presentación dun orixinal e o ditame do xurado, a obra obtivese outro premio ou fose publicada por calquera medio, a autora ou autor deberá comunicalo ao correo-e certame.lix.muinho@gmail.com, da ASC Muíño do Vento, que a excluírá do certame.

13. A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, e o xurado resérvase, así mesmo, o dereito de resolver calquera cuestión non recollida nelas.

Ferrol, setembro de 2019

